

CLASIFICACIÓN 2/3: EXÍPCIAS E LINEARES

BASEADA NA CLASIFICACIÓN VOX-ATypI E NA DE ROBERT BRINGHURST

EXÍPCIAS

SÉCULO XIX E INICIO DO XX (REALISMO) • MECANAS/SLAB SERIF

Trazo grosso e tendente á homoxeneidade; tamaño esaxerado de serifas e terminais. Aparecen no século XIX como modo de potenciar a plasticidade da tipografía, que comezaba a adquirir novos usos para alén da impresión de libros, fundamentalmente no ámbito publicitario.

FRANCESAS

Enlace duro. Curiosamente, boas para edición. Rockwell.

Neor

INGLESAS/CLARENDON

Enlace suave. Leve modulaci-
ón. Humanísticas. Clarendon.

Neor Neor

ITALIANAS

Serifas mais grosas que o trazo. Tipos de madeira. Playbill.

TYPEWRITER

Monoespazadas. Igual grosor para trazos e serifas. Courier.

Neor

GROTESCAS

SÉCULO XIX E INICIO DO XX (REALISMO) • GOTHIC (NOS EUA)

Aabpfoe
Aabpfoe

FRANKLIN GOTHIC, GROTESQUE, NEWS GOTHIC, TRADE GOTHIC, IMPACT, HAETTENSCHWEILER.

Trazo bastante homoxéneo mais que aínda conserva certa modulaci-
ón; lixeiramente condensadas; mantén o carácter “g” *de dous andares*.
Primeiras familias sen serifa nadas no século XIX.

NEOGROTESCAS

SÉCULO XX

Aabpfoe
Aabpfoe

HELVETICA, FOLIO, UNIVERS, BELL GOTHIC, NEUZEIT, AKZIDENZ GROTESK.

Trazo non modulado; eixo vertical implí-
cito; apertura pequena; itálico ausente ou trocado por romano inclinado.
Deseño máis refinado que o das grotescas. Estrutura do carácter humanista e moi estudada. Aspecto plano, aséptico.

XEOMÉTRICAS

SÉCULO XX (VANGARDAS)

Aabpfoe
Aabpfoe

AVENIR, AVANT GARDE, CENTURY GOTHIC, KABEL, FUTURA, JOHNSTON UNDERGROUND.

Trazo non modulado; normalmente, arcos circulares (sen eixo); itálico ausente ou trocado por romano inclinado.
Aparecen nos anos 20, propiciadas polas vangardas e a Bauhaus. Estrutura xeométrica do carácter.

HUMANÍSTICAS SEN SERIFA

SÉCULO XX

Aabpfoe
Aabpfoe

STONE SANS, FORMATA, FRUTIGER, ANTIQUE OLIVE, BRITANNIC, GILL SANS.

Trazo modulado; itálico dependente do romano ou trocado por unha versión incli-
nada deste.
As máis lexibles das sen serifa e as de aspecto máis clásico. Inspiración formal nas proporcións das capitulares romanas e na escrita manual humanística renacentista.